

RÚA ext-cénica

Prazas, xardíns, paseos e outros espazos públicos singulares do Concello sirven de escenario para artistas e compañías das máis variadas procedencias e disciplinas neste Festival.

Este ano, en atención ás indicacións e medidas de seguridade e hixiene fronte ao COVID-19, **todos os espectáculos serán no Centro Cultural As Torres**. O aforo será limitado e será obrigatorio manter distancia de seguridade e asistir con máscara.

Venres
17 de xullo

▶ **19.30 horas: XAMPATITO PATO.**
Só. (circo + teatro).

▶ **20.30 horas: O CAPITÁN GARFO.**
Cociñando Música (música infantil).

▶ **21.30 horas: A BANDA DA LOBA.**
Fábrica de luz (músicas do mundo).

Sábado
18 de xullo

▶ **12.30 horas: CÍA. SINCRONACIDAS.**
OhLimpiadas! (novo circo).

▶ **20.00 horas: VOL'E TEMPS.**
DistanS (circo-teatro).

▶ **21.00 horas: MEKÁNICA ROLLING BAND**
(concerto itinerante).

Domingo
19 de xullo

▶ **12.30 horas: JHONNY MENTERO.**
Show (novo circo).

▶ **21.00 horas: LABORATORIO ESCÉNICO DANZA/ Canela+
DECLARO DANZA, Clara Ferrao/ Miña xoia+
ENTREMANS/ Iceberg (danza contemporánea).**

RÚA ext-cénica

IV Festival de artes escénicas na rúa

Oleiros, do 17 ao 19
de xullo de 2020



► Venres 17 de xullo

ás 19.30 h: XAMPATITO PATO/ *Só*. (circo + teatro)

Dirección: Arturo Cobas e Jesús Velasco. Elenco: Jesús Velasco. Procedencia: Galicia.

Destinatarios/as: todos os públicos. Duración: 50 minutos

Sinopse: Un personaxe obsesivo, cuadrículado e meticuloso. Un ser único na súa especie rodeado dun sen fin de caixas que escapan ao seu control e coas que xoga para dar forma ao seu mundo.

ás 20.30 h: O CAPITÁN GARFO/ *Cociñando Música* (música infantil)

Dirección: Saúl System. Elenco: Saúl System. Procedencia: Galicia. Destinatarios/as: público infantil e familiar. Duración: 50 minutos

Sinopse: En *Cociñando Música* un particular Capitán Garfo prepara un nutritivo e divertido menú musical co que os nenos e as nenas aprenden uns bos hábitos alimentarios, a importancia dun almorzo saudable ou a facer amizade coas verduras e ensaladas.

ás 21.30 h: A BANDA DA LOBA/ *Fábrica de luz* (músicas do mundo)

Elenco: Andrea Porto (guitarra e baixo), Inés Mirás (guitarra e teclado), Marcela Porto (batería e percusións), Estela Rodríguez (violín) e Xiana Lastra (voz). Procedencia: Galicia. Destinatarios/as: todos os públicos

Sinopse: A Banda da Loba é música con M para mulleres, diversidade, enerxía e música calidoscópica que bebe de todas as fontes totalmente libres de complexos. Os seus espectáculos en directo son adrenalina, compromiso e diversión.

► Sábado 18 de xullo

ás 12.30 h: CÍA. SINCRONACIDAS/ *OhLimpiadas* (novo circo)

Dirección: Javier Ariza. Elenco: Greta Marí e Mónica Suárez. Procedencia: Galicia.

Destinatarios/as: todos os públicos. Duración: 50 minutos

Sinopse: Dúas limpadoras aburridas da súa rutina diaria, entran nun mundo de soño onde a súa xornada laboral é retransmitida como se dunha competición olímpica se tratase.

ás 20.00 h: VOL'E TEMPS/ *DistanS* (circo-teatro)

Dirección: Vol'e Temps. Elenco: Sara Ortiz e Albert Moncunill Ferrer. Procedencia: España.

Destinatarios/as: público familiar. Duración: 50 minutos.

Sinopse: DistanS é unha viaxe a través das emocións, nun espazo visual e sonoro que envolve escenas de circo acrobático e teatro xestual que conforman un espectáculo orgánico, sensible e divertido. Premio FETEN 2019. Premio Lorca Espectáculo de Circo 2019. Premios PACA Mellor Dirección, Posta en Escena e Mellor Artista Masculino.

ás 21.00 h: MEKÁNKA ROLLING BAND (concerto itinerante)

Procedencia: Galicia. Destinatarios/as: todos os públicos.

Sinopse: A Mekanika Rolling Band é un equipo de nove persoas cun proxecto innovador que conta cun escenario móbil autopropulsado "A Karriña Mekánika". Integra con éxito instrumentos eléctricos máis un impresionante set de batería e percusión tamén amplificado, involucrando dun xeito único o público dentro do seu show e ofrecendo ao mesmo tempo unha gran calidade sonora.

► Domingo 19 de xullo

ás 12.30 horas: JHONNY MENTERO/ *Show* (novo circo)

Dirección: Jhonny Mentero (Juan Solis). Elenco: Jhonny Mentero (Juan Solis). Procedencia: Granada.

Destinatarios/as: público familiar

Sinopse: Jhonny Mentero é un experto equilibrista e pallaso. Comeza como artista de circo no ano 2008 e en 2016 funda a súa propia compañía "Cí. Circofreniks".

Neste increíble espectáculo dará o mellor de si para crear un familiar e desconcertante show cheo de maxia e ilusión para toda a familia. O espectáculo comeza cuns equilibrios imposibles e algunhas bromas divertidas para crear unha conexión especial co público.

ás 21.00 h: LABORATORIO ESCÉNICO DANZA/ *Canela* + DECLARO DANZA, Clara Ferrao/ *Miña Xoia* + ENTREMANS/ *Iceberg* (danza contemporánea)

• Laboratorio Escénico Danza/ *Canela*

Dirección: Alba Fernández. Elenco: Jaimi Neves, Samuel Galán, Noelia López, Sara Tréllez, Diana Monserrat, Irene Varela, Myriam González, Lucía Vázquez. Procedencia: Galicia. Destinatarios/as: todos os públicos. Duración: 20 minutos.

Sinopse: A peza *Canela* é o resultado dun proceso de creación que comezou cunha convocatoria na procura de Artistas de Danza Urbana, co obxectivo da creación dunha peza profesional de Danza Urbana/Experimental. Nun proceso de creación desde o que se tratou de integrar as habilidades físicas de cada unha/un das/os integrantes, trátase as propiedades da canela desde o corpo: presenza no padal, aroma, proceso de extracción, etc. Todo iso lévanos aos sentidos e ás terras de Sri Lanka, de onde procede a especia.

• Declaro Danza, Clara Ferrao/ *Miña Xoia*

Dirección: Maximiliano Sanford Monte. Elenco: Clara Ferrão Diz. Procedencia: Galicia. Destinatarios/as: todos os públicos. Duración: 13 minutos

Sinopse: Un corpo, unha vibración, unha trisca,

unha fractura. Non me destrúe. Esta situación non se ten en conta, e eu, miñaxoia, confío en que isto vai mudar. Ás veces todo semella invisible, só está no corpo, só o cansazo, só o movemento inesgotable que me permite recoñecer onde me atopo, a casualidade organizada abre un espazo en branco no que poder entrar. O corpo esvaécese, atopa unha nova vibración. O corpo transfórmase, haberá unha solución que descoñezo.

• Entremans/ *Iceberg*

Creación: Ana Beatriz Pérez. Procedencia: Galicia. Destinatarios/as: todos os públicos. Duración: 12 minutos

Sinopse: Crista branca que avanza simulando quietude. Criatura esvelta de adorable anteface que enriba amosa o lado máis amable, debaixo quen sabe, non preguntes, demasiado volume espanta. Viaxa en doce deslizar, pouco se sente e a cara de onte deuse a volta, ninguén prevé a súa estratexia. Móvese amodo, visible, lembrándonos que é indestrutible ata que algo mude de supeto.